

O RISCO QUE AXEXA:

CANCRO

ocupacional e postocupacional

Financiado por:



MINISTERIO
DE EMPLEO
Y SEGURIDAD SOCIAL



FUNDACIÓN
ESTATAL PARA
LA PREVENCIÓN
DE RIESGOS
LABORALES, F.S.P.

CCOO +
comisiones obreras de asturias
comisiones obreres d'asturies

CCOO
comisións obreiras

A prevención do cancro pon a énfase en factores individuais vinculados ao estilo de vida das persoas, obviando factores colectivos sobre os que existe evidencia científica, como son o nivel de contaminación e as condicións laborais ás que están expostos os traballadores e as traballadoras.

O mesotelioma, neoplasia maligna de bronquio e pulmón, leucemia, cancro de larinxe, neoplasia de cavidade nasal, neoplasia maligna de vexiga, linfoma, carcinoma de pel, anxiosarcoma de fígado, etc. **son cancros de orixe laboral.**

Estímase que se diagnostican máis de 10.000 novos casos de cancro de orixe laboral ao ano en España

O amianto, benceno, arsénico, berilio, cromo vi, madeira dura, radiacións ionizantes, aminas, hidrocarburos, feluxe, alcatrán, radon, cadmio, cloruro de vinilo, formaldehído, etc. **son axentes canceríxenos laborais.**

O mantemento, minería, demolicións, fabricación de mobles, sector sanitario, laboratorios, soldadura, traballo de impresión gráfica, perruquería, industria química, cerámica e vidro, pintura, extinción de incendios, fundición, conducción, fabricación de aceiro inoxidable, industria do caucho, uso de disolventes, etc. **son sectores e procesos con risco de exposición a canceríxenos.**

CCOO traballa para visibilizar, sensibilizar e eliminar o cancro laboral. Intervir na súa prevención é unha das nosas prioridades en saúde laboral.

Lembra...

- Non hai exposición segura a un canceríxeno.
- EXIXE medidas preventivas e de protección que garantan **CANCRO CERO**.
- Os canceríxenos poden ser químicos, biolóxicos e físicos (radiacións ionizantes).
- As vías de entrada dos canceríxenos son respiratoria, dérmica e dixestiva.
- O período de latencia pode ser moi amplo, así que o cancro pode aparecer durante a vida laboral (**CANCRO OCUPACIONAL**) ou xa na xubilación (**CANCRO POSTOCUPACIONAL**).
- Comproba se traballas con substancias e produtos que indiquen perigo con estas frases **R** ou actualmente denominadas **H**:

R40 ou **H351** Posibles efectos canceríxenos

R45 ou **H350** Pode causar cancro

R49 ou **H350i** Pode causar cancro por inhalación

R68 ou **H341** Posibilidade de efectos irreversibles

Previr o cancro profesional

É necesario coñecer a composición das substancias e mesturas que se usan nos centros de traballo e os seus efectos. Temos que estar informados do contido das **etiquetas e as fichas de seguridade dos produtos**. Esta información debe estar actualizada consonte o Regulamento CLP.

A primeira obriga da empresa é **ELIMINAR** ou **SUBSTITUÍR** os axentes canceríxenos por outras substancias menos nocivas.

Se non é posible, debe adoptar medidas urxentes como:

- Traballar en sistemas pechados e limitar ao máximo o uso deses produtos.
- Dispoñer de extracción xeral e localizada para captar os axentes canceríxenos na orixe.
- Limitar o número de traballadoras e traballadores expostos.
- Delimitar zonas de risco, sinalizar, restrinxir o acceso e instalar dispositivos de alerta.
- Actuar preventivamente ante a posible exposición de traballadoras embarazadas ou en situación de lactación natural.
- Proporcionar equipos de protección individual, dobre armario para non contaminar a roupa limpa, e será sempre a empresa a que se faga cargo do lavado da roupa.
- Dispoñer dentro da xornada laboral de dez minutos para o aseo persoal previo ás comidas e antes de abandonar o traballo.
- Formar e informar os traballadores e traballadoras.
- Realizar vixilancia da saúde específica, tanto ocupacional como postocupacional.

Ante o diagnóstico de cancro

Informa o teu médico ou médica sobre o teu posto de traballo, sector de actividade e a exposición a canceríxenos durante a túa vida laboral.

Normativa legal e técnica de referencia:

-RD 1299 /2006: cadro de enfermidades profesionais en España

-RD 665/1997: exposición a axentes canceríxenos durante o traballo

-Guía técnica de axentes canceríxenos e mutáxenos (INSHT-2017)

**ACUDE A CCOO,
APOIÁMOSTE,
INFORMÁMOSTE E
DEFENDEMOS OS
TEUS DEREITOS**

ONDE PODES ATOPARNOS

Gabinete de Saúde Laboral CCOO Galicia

FERROL

Rúa María, nº 42-44

Teléfono 981 369 300 ▪ Fax 981 350 353

gsl-ferrol@galicia.ccoo.es

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Rúa Miguel Ferro Caaveiro, nº 8

Teléfono 981 551 800 ▪ Fax 981 551 801

gsl-stgo@galicia.ccoo.es

VIGO

As Teixugueiras, 11, entreplanta (Navia)

Teléfono 986 246 800 Fax 986 246 587

gsl-vigo@galicia.ccoo.es

www.ccoo.gal/webgalicia/

Comisiones Obreras de Asturias

Departamento de Salud Laboral

Calle Santa Teresa, 15-Planta Baja

33005-OVIEDO

Teléfono 985 257 199 ▪ Fax 985 242 391

slaboral.as@asturias.ccoo.es

www.ccooasturias.es

*Este díptico é o resultado do traballo conxunto do Gabinete de Saúde Laboral de CCOO de Galicia e o Departamento de Saúde Laboral de CCOO de Asturias.